



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Sistemas alternativos de comunicación	Código	652G02037	
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Gomez Taibo, Maria Luisa	Correo electrónico	luisa.gomez.taibo@udc.es	
Profesorado	Gomez Taibo, Maria Luisa	Correo electrónico	luisa.gomez.taibo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta é unha materia na que se trata de dotar o futuro mestre das ferramentas necesarias para facilitar o acceso ó curriculum ordinario e adaptado a á comunicación do alumnado con necesidades educativas especiais sen fala o con trastorno severo da fala por mor de discapacidades conxénitas ou adquiridas. O uso de sistemas alternativos de comunicación baseados en símbolos gráficos coma os SPC, BLISS, PIC, a ortografía, etc., signos manuales, e o uso de opcións de alta e baixa tecnoloxía de apoio á comunicación xunto con programas especiais para a comunicación e a escritura serán as ferramentas básicas para a participación e a aprendizaxe escolar do alumnado con discapacidade e trastornos da comunicación e da linguaxe.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non haberá cambios nos contidos desta materia.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none">- Sesión maxistral: impártese virtualmente.- Proba obxectiva: a avaliación será continua e virtual e tamén se manterá a proba obxectiva final.- Eventos científicos e/ou divulgativos: son desenvolvidos virtualmente. <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>En caso de confinamento</p> <ul style="list-style-type: none">- Obradoiro: as prácticas dos sistemas alternativos non asistidos se impartirán virtualmente. As aprendizaxes serán supervisados por vía telemática por grupos de traballo.- Aprendizaxe colaborativa. Os membros dos grupos de traballo colaborarán virtualmente para a realización das tarefas asignadas.- Simulación: os casos prácticos serán prantexados e resoltos telemáticamente. <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado.</p> <p>Teams:</p> <ul style="list-style-type: none">a) Haberá unha sesión semanal virtual en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario.b) Haberá dúas sesións semanais para a atención en pequeno grupo (grupos de traballo de ata 5 persoas) para o seguimento e apoio na realización dos traballos tutelados e para axustarse as necesidades da aprendizaxe do alumnado. <p>Correo: O alumnado poderá facer uso do correo electrónico para as consultas breves que precisen, ou para solicitar encontros virtuais en Teams para a resolución das dúbidas que puideran ter, e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Non se realizarán cambios. Se manterán os mesmos criterios establecidos na guía docente tanto para o alumnado con dedicación completa como para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Polo tanto, OS REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA PARA TODO O ALUMNADO calquera que sexa a súa dedicación son:</p> <ul style="list-style-type: none">1. Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (proba obxectiva e traballos tutelados).2. Entregar os traballos tutelados na data que se indique.3. A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño. <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizarán cambios.</p> <p>O alumnado dispoñerá de todos os materiais de traballo en formato dixital en Moodle e de todos os sitios web de internet o comezo de cada tema ou o comezo de impartirse un bloque de contidos.</p>
-----------------------------	--

Competencias do título

Código	Competencias do título
--------	------------------------



A3	Dominar os coñecementos necesarios para comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e identificar disfuncións.
A4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento.
A6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.
A11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.
A13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais.
A17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.
A30	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover a adquisición de competencias básicas nos estudantes.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B11	Capacidade de comprensión dos distintos códigos audiovisuais e multimedia e manexo das ferramentas informáticas.
B12	Capacidade de selección, de análise, de avaliación e de utilización de distintos recursos na rede e multimedia.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B16	Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.
B18	Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer, respetar e valorar os diferentes grupos de alumnos que se poden beneficiar dos sistemas alternativos e aumentativos de comunicación.	A3 A4 A6	B1 B18	C4
Coñecer as opcións simbólicas e non simbólicas así como coñecer e desenvolver tecnoloxía de apoio a comunicación aumentativa e alternativa e o seu papel como sistemas de acceso ó currículo.	A3 A4 A6 A11 A13 A17 A30	B11 B12 B14 B18	C3 C4 C7



Recoñecer as diferentes barreiras á comunicación e á participación na aula e dentro da contorna escolar e saber intervir para a súa eliminación.	A6 A11 A13 A17	B14 B18	C4
Dominar o proceso de ensinanza e aplicación de sistemas alternativos e aumentativos de comunicación na contorna escolar.	A17 A30	B14 B16 B21 B22 B23 B24 B25	C3 C4 C7
Valorar e respetar as formas alternativas de comunicación, en tanto que estas poden constituir a forma principal de linguaxe para as persoas con discapacidade da fala.		B2 B6 B18	C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Sistemas alternativos de comunicación e acceso ó currículo.	<p>Conceptualización da comunicación aumentativa e alternativa</p> <p>O modelo de comunicación aumentativa e alternativa.</p> <p>Competencia comunicativa dos estudantes con necesidades especiais de comunicación.</p> <p>Os sistemas alternativos de comunicación como acceso á comunicación, ó currículo e coma ferramenta de inclusión educativa.</p>
Sistemas asistidos e sistemas non asistidos de comunicación aumentativa e alternativa.	<p>Sistemas alternativos e aumentativos asistidos.</p> <p>Os símbolos asistidos.</p> <p>Sistemas alternativos e aumentativos non asistidos.</p> <p>Dos xestos de uso común ás linguaxes codificadas xestuais</p> <p>A lingua de signos.</p>
Tecnoloxía de apoio á comunicación e acceso á comunicación escrita.	<p>Medios de indicación dos símbolos asistidos.</p> <p>Accesos ós dispositivos de comunicación.</p> <p>Opcións de baixa tecnoloxía.</p> <p>Opcións de alta tecnoloxía: comunicadores e ordenador.</p> <p>Software específico para a comunicación.</p>
O proceso de valoración-intervención.	<p>O modelo de participación. Valoración para a participación na aula. Oportunidades e barreiras para a comunicación.</p> <p>Técnicas específicas de intervención.</p> <p>Programas de comunicación.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A4 A6 A11 B6 B18 B25 C7 C4	8	16	24
Traballos tutelados	A13 A30 B14 B16 B22 B23 B24	6	60	66
Eventos científicos e/ou divulgativos	A17 B11 B12	2	2	4
Obradoiro	A6 A11	3	3	6
Aprendizaxe colaborativa	A6 A13 B1 C3	6	0	6
Simulación	A6 A11 A17 B1	2.5	0	2.5



Proba obxectiva	A6 A17 B2 B11 B21	2	0	2
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición virtual dos contidos programáticos para cada un dos temas da materia
Traballos tutelados	O alumnado entregará os materiais produto das actividades de aprendizaxe: taboleiros e plantillas de comunicación, caderno de PECS, catálogo de tecnoloxía de apoio, materiais para a alfabetización, unidade didáctica adaptada e os materiais necesarios de avaliación e para a participación dos alumnos con necesidades comunicativas especiais na escola. Computa na avaliación
Eventos científicos e/ou divulgativos	O alumnado asistirá obrigatoriamente ós eventos divulgativos programados para a materia. Nestes eventos contarase coa participación dun profesional da área da comunicación aumentativa e alternativa que amosará virtualmente o funcionamento de dous programas específicos de comunicación alternativa.
Obradoiro	Os alumnos realizarán prácticas para a aprendizaxe de sistemas alternativos non asistidos (alfabeto dactilolóxico, sistema bimodal e palabra complementada) coa axuda e supervisión da profesora.
Aprendizaxe colaborativa	Os alumnos, organizados en pequenos grupos, traballarán colaborativamente para resolver as tarefas asinadas pola docente. Serán guiados persoalmente ou mediante o uso de tecnoloxías da información e da comunicación.
Simulación	Presentaránse ós alumnos situación semellantes as que atoparán no eido educativo relacionada coa aplicación dos sistemas de alternativos de comunicación
Proba obxectiva	A aprendizaxe do alumnado será avaliada de forma continua de xeito que o longo do curso terán que facer probas obxectivas por bloques de contidos (temas completos ou por partes), que consistirán en preguntas de verdadeiro-falso, de resposta múltiple e de resposta breve que serán desenvolvidas a través de plataforma Moodle.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Traballos tutelados	A docente adicará atención persoal virtual a tódolos alumnos e alumnas para a resolución de dúbidas, aclaración de conceptos e cuestións de carácter teórico Asimismo, a docente asesorará virtualmente de xeito persoal ó alumnado en calquera cuestión relacionada coa elaboración dos traballos tutelados, durante as prácticas e obradoiros, etc.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A13 A30 B14 B16 B22 B23 B24	Coa realización dos traballos valorarase a adquisición de procedimentos "saber facer". Cada grupo de traballo colaborativo entregará nos axeitados prazos os materiais que son produto das actividades de aprendizaxe realizadas durante as clases interactivas. Os traballos tutelados computan o 50% da nota final.	50
Proba obxectiva	A6 A17 B2 B11 B21	A aprendizaxe do alumnado será avaliada de forma continua de xeito que o longo do curso os e as alumnas terán que facer probas obxectivas por bloques de contidos (temas completos ou por partes), que consistirán en preguntas de verdadeiro-falso, de resposta múltiple ou de resposta breve e que serán desenvolvidas a través de plataforma Moodle.	50

Observacións avaliación



Para aprobar a materia é imprescindible superar todas as probas obxectivas programadas da avaliación continua. Tamén é imprescindible a presentación de todos os traballos tutelados.

Admítese dispensa académica. O alumnado con dispensa terá que informar necesariamente á profesora desta situación ó principio do curso para recibir as pautas correspondentes nunha titoría virtual. Os requisitos para superar a materia nesta modalidade son os mesmos que para o resto de alumnado; os alumnos con dispensa terán que facer o exame na data da convocatoria oficial e presentar os mesmos traballos tutelados.

Fontes de información

<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Asorey, E., Foz, S., y Vargas, E. (2016). Implementación de SAAC en las aulas para alumnos con discapacidad física.. Gobierno de Aragón: Departamento de Educación, Cultura y Deporte - Basil, C., Soro-Camats, E., y Rosel, C. (1998). Sistemas de signos y ayudas técnicas para la comunicación aumentativa y la escritura. Principios teóricos y aplicaciones.. Barcelona: Masson. - Baumgart, D.; Johnson, J. y Helmstetter, E. (1996). Sistemas alternativos de comunicación para personas con discapacidad. Madrid: Alianza - BEUKELMAN, D. R., & MIRENDA, P. (2005). Augmentative and Alternative Communication. Supporting children and adults with complex communication needs.. Baltimore: Paul H. Brookes - BONDY, A. (2011). The Pyramid Approach to Education: A Guide to Functional ABA. . Pyramid Educational Consultants. - DOWNEY, J. E. (1999). Teaching Communication Skills to Students with Severe Disabilities. . Baltimore: Paul H. Brookes - Frost, L., y Bondy, A. (2002). El manual de PECS. Pyramid Educational Products - GLENNEN, S. & DeCOSTE, D. (1997). The Handbook of Augmentative and Alternative Communication. . San Diego: Singular Publishing Group Inc. - Gómez Taibo, M. L. (2000). Curso de comunicación aumentativa y alternativa. Sevilla: Fundación Verbum - Gómez Taibo, M. L. (2020). Comunicación simbólica: Comunicación Aumentativa y Alternativa. Madrid: Pirámide - GOOSSENS?, C., CRAIN, S., & ELDER, P (1992). Engineering the preschool environment for interactive, symbolic communication. . Birmingham, AL: Southeast Augmentative Communication Conference Publications. - LLOYD, L., FULLER, D., & ARVIDSON, H. (1997). Augmentative and Alternative Communication. A handbook of principles and practices.. Boston: Allyn & Bacon - Martín-Caro, L. y Junoy, M. (2001). Sistemas de comunicación y parálisis cerebral. Madrid: Cepe - Monfort, M., Juárez, A. y Rojo. (1982). Programa elemental de comunicación bimodal. Madrid: Cepe - Schaeffer, B (2005). Programa de Comunicación Total ? Habla Signada. Madrid: Alianza - Sotillo, M. (1993). Sistemas alternativos de comunicación. Madrid: Trotta - Torres, S. (2001). Sistemas alternativos de comunicación. Manual de comunicación aumentativa y alternativa: sistemas y estrategias. Málaga: Aljibe - Von Tetzchner, S. y Martinsen, H. (1991). Introducción a la enseñanza de signos y al uso de ayudas técnicas para la comunicación. Madrid: Visor - Zeina, R. M. (2014). High-tech augmentative and alternative communication and autism. Saarbrücken: Lambert Academic Publishing - (). .
<p>Bibliografía complementaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> - (). Augmentative and Alternative Communication.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións
Se recomenda a práctica dos sistemas de comunicación non asistidos dende o principio do curso e maila realización das tarefas programadas e a súa entrega nos prazos establecidos.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías